



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 502

IX lexislatura

6 de agosto de 2015

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.2. Regulamento do Parlamento

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia

[116936](#)

Pardo López como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido Popular de Galicia [09/RCDE-000013] [116947](#)

– Resolución da Presidencia do Parlamento, do 5 de agosto de 2015, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia pola que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia dona Jackeline Elisabeth Fernández Macías (doc. núm. 39634) [116947](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

– Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de agosto de 2015, polo que se acepta a renuncia de dona María del Carmen

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.2. Regulamento do Parlamento

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 3 de agosto de 2015, aprobou por 58 votos a favor e 15 votos en contra, a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (09/PPL-00035; 33374).

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

Esta lei ten como obxecto reformar algunhas disposicións concretas do Regulamento da Cámara coa finalidade de recoller prácticas que se viñan levando a cabo de forma habitual na actividade parlamentaria e que non estaban establecidas no Regulamento, e mais para introducir algunha novidade motivada pola vontade de que a Cámara autonómica siga a gañar protagonismo na sociedade galega co incremento aínda máis da súa actividade e o afondamento na transparencia desta institución.

Trátase dunha reforma que modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia e mais a Lei reguladora da Xunta e da súa Presidencia a través de dous artigos. O artigo primeiro, relativo á modificación do Regulamento, divídese en dezanove puntos. No artigo segundo modifícase o artigo 48 da Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, para axustar a redacción desta disposición sobre o debate de política xeral.

Para iso a proposición aborda cuestións tales como:

A posibilidade de transformar en preguntas orais en comisión as solicitudes de información presentadas a través do artigo 9, no caso de a Administración autonómica non facilitar a documentación solicitada nin comunicar a súa posta á disposición para o seu acceso directo, e sempre que non medie comunicación que xustifique a negativa.

A creación dun portal de transparencia onde se publicará a información tributaria e as percepcións dos membros da Cámara, as asistencias ás diferentes sesións parlamentarias, a contabilidade dos grupos parlamentarios e o informe sobre a execución do proxecto de orzamentos do Parlamento.

A creación dunha comisión de investigación de xeito automático en cada lexislatura cando for solicitado por un grupo parlamentario que represente polo menos un terzo dos membros da Cámara ou polas dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

A ampliación dos períodos ordinarios de sesións, os cales serán de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.

As comparecencias de orzamentos na Comisión 3ª das persoas responsables de cada unha das seccións e dos responsables dos entes instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma que xestionen os principais programas de gasto, solicitadas polos grupos parlamentarios e acordadas na Mesa da Comisión 3ª antes do remate do prazo de presentación de emendas ao articulado.

A inclusión do debate anual de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que, aínda que se vén celebrando regularmente, non estaba incluído no Regulamento.

Tamén se inclúe a rolda de control ao presidente ou presidenta da Xunta, unha práctica que ata o de agora non tiña reflexo directo no Regulamento, prevista nunhas normas supletorias aprobadas pola Mesa do Parlamento. Esta incorporación ao Regulamento trata de reforzar o protagonismo político do Parlamento de Galicia garantindo que a función de control da acción executiva da Xunta que lle atribúe o Estatuto de autonomía ao Parlamento no seu artigo 10 poida ser realizada polos portavoces dos grupos parlamentarios ao presidente ou á presidenta da Xunta como máximo ou máxima responsable da acción da Xunta.

Refórmase ademais o artigo 150 do Regulamento para que no debate das interpelacións se produza o intercambio de posicionamentos só entre o deputado ou a deputada ou grupo interpelante e o membro do Goberno encargado de lle dar resposta.

Por último, a redución dos tempos requiridos para a inclusión das iniciativas presentadas polos grupos parlamentarios na orde do día do Pleno ou de comisión. Nas interpelacións pasan de quince a sete os días que deben transcorrer desde a súa publicación para poderen ser incluídas nunha orde do día. No caso das preguntas orais, tanto en pleno coma en comisión, este prazo redúcese de sete a catro días.

Tamén se modifica, a través dun segundo artigo desta lei, a redacción do artigo 48 da Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, para axustar a redacción desta disposición sobre o debate de política xeral en congruencia coas previsións que se inclúen no Regulamento sobre este asunto.

As reformas referidas entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación, a excepción da nova regulación do artigo 52.1 *bis*, referido ás comisións de investigación de automática creación, que se difire ao inicio da seguinte lexislatura.

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do Parlamento de Galicia*

Modifícase o Regulamento do Parlamento de Galicia nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea 2 e engádese unha nova alínea 2 *bis* ao artigo 9, redactadas da seguinte forma:

«2. A solicitude dirixírase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestarlle á Presidencia do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado á persoa solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan, ou comunicar a súa disposición para lle permitir o acceso directo á documentación solicitada.

2 *bis*. No caso de que a Administración autonómica non facilite a información requirida e de que non medie comunica-

ción que xustifique a negativa no prazo sinalado na alínea anterior, transcorridos trinta días as solicitudes de información poderán ser reconvertidas, sempre por petición do autor ou da autora delas, en pregunta en comisión, onde recibirán o tratamento das preguntas orais.»

Dous. Engádese unha nova alínea 2 *bis* ao artigo 10, redactada da seguinte forma:

«2 *bis*. A totalidade das percepcións dos deputados e das deputadas estarán suxeitas ás normas de carácter xeral. Igualmente, a información tributaria facilitada será sometida ás normas de transparencia que resulten aplicables.»

Tres. Modifícase o artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os deputados e as deputadas terán o deber de asistir ás sesións do Pleno do Parlamento e das comisións das que formen parte.

2. Publicaranse no Portal de transparencia, ao final de cada período de sesións, as asistencias dos deputados e das deputadas ás diferentes sesións parlamentarias e o sentido do seu voto.»

Catro. Modifícanse as alíneas 1, 2 e 3 e engádense dúas novas alíneas, a 4 e a 5, ao artigo 15, redactadas da seguinte forma:

«1. As deputadas e os deputados estarán obrigados a efectuar declaración dos seus bens e dereitos e daquelas actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade, de acordo co establecido na lexislación vixente, así como de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

2. As declaracións deberán formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputada ou deputado e no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Así mesmo, deberán actualizarse sempre que existan circunstancias que as modifiquen. Para estes efectos, a Mesa aprobará os modelos aos que necesariamente deberán axustarse as declaracións.

3. A declaración de bens e dereitos conterá, entre outros, os seguintes datos:

- a) As rendas percibidas de calquera clase.
- b) Os bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular a persoa declarante e os títulos representativos do capital en calquera entidade xurídica.
- c) Os créditos, os préstamos e as débedas que integran o seu pasivo.
- d) A cota líquida pagada polo imposto da renda das persoas físicas.
4. Na declaración de bens e dereitos deberá constar a súa valoración, segundo os seguintes criterios:

- a) Os bens inmoables, polo valor catastral.
- b) Os vehículos, as embarcacións e as aeronaves valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.
- c) Os restantes bens e dereitos valoraranse aplicando os criterios de valoración do imposto sobre o patrimonio. No suposto de bens e dereitos indivisos indícarase o valor que corresponda segundo a porcentaxe de participación da persoa declarante no ben ou dereito correspondente.

5. As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Presidencia. O seu contido será público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmoables e máis aqueles outros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Tamén se inscribirán neste rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados e deputadas sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.»

Cinco. Modifícase a alínea 2 do artigo 27, que queda redactada da seguinte forma:

«2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención á que se refire a alínea anterior, que

poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.»

Seis. Modifícase a alínea 1.3ª do artigo 30, que queda redactada da seguinte forma:

«3ª. Elaborar o proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia, proceder á súa execución unha vez aprobados e, ao final de cada exercicio, elaborar un informe sobre a súa execución, que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicará no Portal de transparencia.»

Sete. Engádesse unha nova alínea 1 *bis* ao artigo 52, redactada da seguinte forma:

«1 *bis*. Poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.»

Oito. Engádesse un novo artigo 66 *bis*, redactado da seguinte forma:

«Artigo 66 *bis*

1. No Portal de transparencia do Parlamento de Galicia estará dispoñible toda a información prevista pola lexislación en materia de transparencia pública, así como a establecida neste regulamento. O acceso á información respectará os límites legais en garantía dos dereitos das persoas.

2. Correspóndelle á Mesa aprobar as normas e adoptar as medidas que resulten necesarias para o cumprimento do disposto na alínea anterior.»

Nove. Modifícase a alínea 1 do artigo 67, que queda redactada da seguinte forma:

«1. O Parlamento de Galicia reunirase anualmente en dous períodos de sesións, de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.»

Dez. Modifícase a alínea 1 do artigo 95, que queda redactada da seguinte forma:

«1. Os prazos sinalados por días neste regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de data a data, na forma que determine a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Once. Engádese unha nova alínea 3 ao artigo 115, redactada da seguinte forma:

«3. A Ponencia encargada de redactar o informe poderá establecer un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a que verse o proxecto de lei.»

Doce. Engádese unha nova alínea 5 ao artigo 129, redactada da seguinte forma:

«5. Previamente á finalización do prazo de presentación das emendas parciais levaranse a cabo na Comisión 3ª as comparecencias que fosen solicitadas polos grupos parlamentarios e acordadas pola Mesa da Comisión 3ª. En todo caso, comparecerán os responsables das seccións orzamentarias e, sempre que fosen solicitadas, os responsables dos entes instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma que xestionen os principais programas de gasto.»

Trece. Modifícase a alínea 4 do artigo 130, que queda redactada da seguinte forma:

«4. O debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara desenvolverase diferenciando o conxunto do articulado da lei e das súas seccións, as cales poderán ser obxecto dun debate conxunto.»

Catorce. Engádese un novo artigo 141 *bis*, que quedará integrado dentro dun novo capítulo II *bis*, «Do debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma», redactado da seguinte forma:

«Artigo 141 *bis*

1. Con carácter anual o Pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara invésitise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.

2. O debate iniciarase coa intervención do presidente ou da presidenta da Xunta de Galicia, sen límite de tempo. A continuación, a Presidencia do Parlamento poderá interromper a sesión, tras a cal haberá unha intervención dunha persoa que represente a cada grupo parlamentario polo tempo que fixe a Presidencia, oída a Xunta de Portavoces.

3. O presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo e poderá intervir cantas veces o solicite. Todos os grupos parlamentarios poderán replicar durante un tempo máximo de quince minutos cada un, sen prexuízo da contrarréplica final da persoa titular da Presidencia da Xunta.

4. Ao rematar o debate, a Mesa abrirá un prazo durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución no número máximo que fixe a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, referidas ás grandes liñas de política xeral e de enumeración simple. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coas materias obxecto do debate.

5. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de trinta minutos. A Presidencia do Parlamento ordenará o debate de defensa ou posicionamento sobre as propostas.

6. A Presidencia do Parlamento ordenará a votación das propostas de resolución unha vez rematado o debate.»

Quince. Modifícase a alínea 1 do artigo 149, que queda redactada da seguinte forma:

«1. Transcorridos sete días desde a publicación da interpelación, esta estará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 150, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 150

As interpelacións substanciaranse, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicada, perante o Pleno, dando lugar a unha rolda de exposicións polo autor ou a autora da interpelación, á contestación da Xunta e a cadan-

súa rolda de réplica. As primeiras intervencións non poderán exceder de dez minutos nin as réplicas de cinco minutos.»

Dezasete. O artigo 152 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os deputados e as deputadas poderán formular preguntas á Xunta de Galicia e a cada un dos seus membros.

2. Nas sesións plenarias ordinarias as e os portavoces dos grupos parlamentarios poderanlle formular preguntas á Presidencia da Xunta de Galicia. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, fixará o número e a distribución proporcional en cada período de sesións.»

Dezaioito. Modifícase a alínea 2 do artigo 155, que queda redactada da forma seguinte:

«2. As preguntas estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días da súa publicación, dándolles prioridade ás presentadas polos deputados e as deputadas que aínda non formularon preguntas no Pleno no mesmo período de sesións. Sen prexuízo deste criterio, a Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces, sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados e deputadas correspondentes a cada grupo parlamentario.»

Dezanove. Modifícase a alínea 1 do artigo 156, que queda redactada da forma seguinte:

«1. As preguntas respecto das cales se pretenda resposta oral en comisión estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días desde a súa publicación.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 48 da Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia*

Modifícase o artigo 48 da Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, que quedará redactado como segue:

«Artigo 48

A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de

política xeral. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.»

Disposición derogatoria. *Derogación dos preceptos contrarios*

Quedan derogadas as disposicións contrarias ao aprobado nesta norma.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

As modificacións ao Regulamento do Parlamento de Galicia publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia* e entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación neste último, salvo o disposto no artigo 52.1 *bis*, que será aplicable na décima lexislatura.

A modificación do artigo 48 Lei 1/1983, do 2 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Acuerdo del Pleno del Parlamento de Galicia, de 3 de agosto de 2015, por el que se modifica el Reglamento del Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

La presente ley tiene como objeto reformar algunas disposiciones concretas del Reglamento de la Cámara con la finalidad de recoger prácticas que se venían llevando a cabo de forma habitual en la actividad parlamentaria y que no estaban establecidas en el Reglamento, y para introducir alguna novedad motivada por la voluntad de que la Cámara autonómica siga ganando protagonismo en la sociedad gallega con

el incremento aún más de su actividad y la profundización en la transparencia de esta institución.

Se trata de una reforma que modifica el Reglamento del Parlamento de Galicia y la Ley reguladora de la Xunta y de su Presidencia a través de dos artículos. El artículo primero, relativo a la modificación del Reglamento, se divide en diecinueve puntos. En el artículo segundo se modifica el artículo 48 de la Ley 1/1983, de 2 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, para ajustar la redacción de esta disposición sobre el debate de política general.

Para ello la proposición aborda cuestiones tales como:

La posibilidad de transformar en preguntas orales en comisión las solicitudes de información presentadas a través del artículo 9, en el caso de que la Administración autonómica no facilitara la documentación solicitada ni comunicara su puesta a disposición para el acceso directo a la misma, y siempre que no mediara comunicación que justificase la negativa.

La creación de un portal de transparencia donde se publicará la información tributaria y las percepciones de los miembros de la Cámara, las asistencias a las diferentes sesiones parlamentarias, la contabilidad de los grupos parlamentarios y el informe sobre la ejecución del proyecto de presupuestos del Parlamento.

La creación de una comisión de investigación de forma automática en cada legislatura cuando fuera solicitado por un grupo parlamentario que representase al menos un tercio de los miembros de la Cámara o por las dos quintas partes de los diputados y diputadas de la Cámara.

La ampliación de los periodos ordinarios de sesiones, que serán de septiembre a diciembre y del 15 de enero a 15 de julio.

Las comparecencias de presupuestos en la Comisión 3ª de las personas responsables de cada una de las secciones y de los responsables de los entes instrumentales del sector público de la Comunidad Autónoma que gestionen los principales programas de gasto, solicitadas por los grupos parlamentarios y acordadas en la Mesa de la Comisión 3ª antes de la finalización del plazo de presentación de enmiendas al articulado.

La inclusión del debate anual de política general de la Comunidad Autónoma de Galicia, que, aunque se viene celebrando regularmente, no estaba incluido en el Reglamento.

También se incluye el turno de control al presidente o presidenta de la Xunta, una práctica que hasta ahora no tenía reflejo directo en el Reglamento, prevista en unas normas supletorias aprobadas por la Mesa del Parlamento. Esta incorporación al Reglamento trata de reforzar el protagonismo político del Parlamento de Galicia garantizando que la función de control de la acción ejecutiva de la Xunta que atribuye el Estatuto de autonomía al Parlamento en su artículo 10 pueda ser realizada por los portavoces de los grupos parlamentarios al presidente o presidenta de la Xunta como máximo o máxima responsable de la acción de la Xunta.

Se reforma además el artículo 150 del Reglamento para que en el debate de las interpelaciones se produzca el intercambio de posicionamientos solo entre el diputado o diputada o grupo interpelante y el miembro del Gobierno encargado de darle respuesta.

Por último, la reducción de los tiempos requeridos para la inclusión de las iniciativas presentadas por los grupos parlamentarios en el orden del día del Pleno o de comisión. En las interpelaciones pasan de quince a siete los días que han de transcurrir desde su publicación para poder ser incluidas en un orden del día. En el caso de las preguntas orales, tanto en pleno como en comisión, este plazo se reduce de siete a cuatro días.

También se modifica, a través de un segundo artículo de la presente ley, la redacción del artículo 48 de la Ley 1/1983, de 2 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, para ajustar la redacción de esta disposición sobre el debate de política general en congruencia con las previsiones que se incluyen en el Reglamento sobre este asunto.

Las reformas referidas entrarán en vigor al día siguiente de su publicación, a excepción de la nueva regulación del artículo 52.1 *bis*, referido a las comisiones de investigación de automática creación, que se difiere al inicio de la siguiente legislatura.

Artículo primero. *Modificación del Reglamento del Parlamento de Galicia.*

Se modifica el Reglamento del Parlamento de Galicia en los siguientes términos:

Uno. Se modifica el apartado 2 y se añade un nuevo apartado 2 *bis* al artículo 9, redactados del siguiente modo:

«2. La solicitud se dirigirá, en todo caso, por conducto de la Presidencia del Parlamento, y la Administración autonómica deberá facilitar la documentación solicitada o manifestar a la Presidencia del Parlamento, en plazo no superior a treinta días y para su más conveniente traslado a la persona solicitante, las razones fundadas en derecho que lo impidan, o comunicar su disposición para permitirle el acceso directo a la documentación solicitada.

2 *bis*. En caso de que la Administración autonómica no facilitara la información requerida y de que no mediara comunicación que justificase la negativa en el plazo señalado en el apartado anterior, al haber transcurrido treinta días las solicitudes de información podrán ser reconvertidas, siempre a petición del autor o autora de las mismas, en pregunta en comisión, donde recibirán el tratamiento de las preguntas orales.»

Dos. Se añade un nuevo apartado 2 *bis* al artículo 10, redactado del siguiente modo:

«2 *bis*. La totalidad de las percepciones de los diputados y diputadas estarán sujetas a las normas de carácter general. Igualmente, la información tributaria facilitada será sometida a las normas de transparencia que resulten de aplicación.»

Tres. Se modifica el artículo 12, que queda redactado del siguiente modo:

«1. Los diputados y diputadas tendrán el deber de asistir a las sesiones del Pleno del Parlamento y de las comisiones de las que formen parte.

2. Se publicarán en el Portal de transparencia, al final de cada periodo de sesiones, las asistencias de los diputados y diputadas a las diferentes sesiones parlamentarias y el sentido de su voto.»

Cuatro. Se modifican los apartados 1, 2 y 3 y se añaden dos nuevos apartados, el 4 y el 5, al artículo 15, redactados del siguiente modo:

«1. Las diputadas y diputados estarán obligados a efectuar declaración de sus bienes y derechos y de aquellas actividades que puedan constituir causa de incompatibilidad, de acuerdo con lo establecido en la legislación vigente, así como de cualquier actividad que les proporcione o pueda proporcionar ingresos económicos.

2. Las declaraciones habrán de formularse inicialmente como requisito para la adquisición de la condición plena de diputada o diputado y en el plazo de los treinta días naturales siguientes a la pérdida de dicha condición. Asimismo, habrán de actualizarse siempre que existan circunstancias que las modifiquen. A estos efectos, la Mesa aprobará los modelos a los que necesariamente deberán ajustarse las declaraciones.

3. La declaración de bienes y derechos contendrá, entre otros, los siguientes datos:

a) Las rentas percibidas de cualquier clase.

b) Los bienes y derechos de contenido económico de los que sea titular la persona declarante y los títulos representativos del capital en cualquier entidad jurídica.

c) Los créditos, préstamos y deudas que integran su pasivo.

d) La cuota líquida pagada por el impuesto de la renta de las personas físicas.

4. En la declaración de bienes y derechos deberá constar su valoración, según los criterios siguientes:

a) Los bienes inmuebles, por el valor catastral.

b) Los vehículos, embarcaciones y aeronaves se valorarán según los precios medios de venta aprobados por el Ministerio de Hacienda.

c) Los restantes bienes y derechos se valorarán aplicando los criterios de valoración del impuesto sobre el patrimonio. En el supuesto de bienes y derechos indivisos se indicará el

valor que corresponda según el porcentaje de participación de la persona declarante en el bien o derecho correspondiente.

5. Las declaraciones sobre actividades y bienes se inscribirán en el Registro de intereses constituido en la Cámara bajo la dependencia directa de la Presidencia. Su contenido será público, a través del *Boletín Oficial del Parlamento de Galicia* y del Portal de transparencia de la Cámara, salvo aquellos datos referentes a la ubicación de los bienes inmuebles y aquellos otros que la Mesa acuerde omitir para salvaguardar la privacidad y seguridad de sus titulares.

También se inscribirán en este registro las resoluciones del Pleno en materia de incompatibilidades y cuantos otros datos sobre actividades de los diputados y diputadas fueran remitidos por la Comisión del Estatuto de los Diputados y no obrasen previamente en el mismo.»

Cinco. Se modifica el apartado 2 del artículo 27, que queda redactado del siguiente modo:

«2. Los grupos parlamentarios llevarán una contabilidad específica de la subvención a que se refiere el apartado anterior, que pondrán a disposición de la Mesa del Parlamento de Galicia siempre que esta lo pida. Anualmente, esta información se publicará en el Portal de transparencia del Parlamento de Galicia.»

Seis. Se modifica el apartado 1.3ª del artículo 30, que queda redactado del siguiente modo:

«3ª. Elaborar el proyecto de presupuestos del Parlamento de Galicia, proceder a su ejecución una vez aprobados y, al final de cada ejercicio, elaborar un informe sobre su ejecución, que se presentará ante la Junta de Portavoces y se publicará en el Portal de transparencia.»

Siete. Se añade un nuevo apartado 1 *bis* al artículo 52, redactado del siguiente modo:

«1 *bis*. Podrá crearse de forma automática una única comisión de investigación por legislatura si lo solicitase un tercio de los diputados y diputadas de la Cámara que pertenezcan a un mismo grupo parlamentario, o las dos quintas partes de los diputados y diputadas de la Cámara.»

Ocho. Se añade un nuevo artículo 66 *bis*, redactado del siguiente modo:

«Artículo 66 *bis*

1. En el Portal de transparencia del Parlamento de Galicia estará disponible toda la información prevista por la legislación en materia de transparencia pública, así como la establecida en este reglamento. El acceso a la información respetará los límites legales en garantía de los derechos de las personas.

2. Corresponde a la Mesa aprobar las normas y adoptar las medidas que resulten necesarias para el cumplimiento de lo dispuesto en el apartado anterior.»

Nueve. Se modifica el apartado 1 del artículo 67, que queda redactado del siguiente modo:

«1. El Parlamento de Galicia se reunirá anualmente en dos periodos de sesiones, de septiembre a diciembre y del 15 de enero al 15 de julio.»

Diez. Se modifica el apartado 1 del artículo 95, que queda redactado del siguiente modo:

«1. Los plazos señalados por días en el presente reglamento se computarán en días hábiles, y los señalados por meses de fecha a fecha, en la forma que determine la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común.»

Once. Se añade un nuevo apartado 3 al artículo 115, redactado del siguiente modo:

«3. La Ponencia encargada de redactar el informe podrá establecer un trámite de audiencia de altos cargos de la Xunta de Galicia, personas expertas y representantes de colectivos sociales que puedan resultar especialmente afectados por la materia sobre la que verse el proyecto de ley.»

Doce. Se añade un nuevo apartado 5 al artículo 129, redactado del siguiente modo:

«5. Previamente a la finalización del plazo de presentación de las enmiendas parciales se llevarán a cabo en la Comisión

3ª las comparecencias que hubiesen sido solicitadas por los grupos parlamentarios y acordadas por la Mesa de la Comisión 3ª. En todo caso, comparecerán los responsables de las secciones presupuestarias y, siempre que hubiesen sido solicitadas, los responsables de los entes instrumentales del sector público de la Comunidad Autónoma que gestionen los principales programas de gasto.»

Trece. Se modifica la apartado 4 del artículo 130, que queda redactado del siguiente modo:

«4. El debate final de los presupuestos en el Pleno de la Cámara se desarrollará diferenciando el conjunto del articulado de la ley y de sus secciones, las cuales podrán ser objeto de un debate conjunto.»

Catorce. Se añade un nuevo artículo 141 *bis*, que quedará integrado dentro de un nuevo capítulo II *bis*, «Del debate anual sobre política general de la Comunidad Autónoma», redactado del siguiente modo:

«Artículo 141 *bis*

1. Con carácter anual el Pleno celebrará el debate sobre política general de la Comunidad Autónoma de Galicia. No habrá lugar a celebrar este debate cuando en el mismo año la Cámara haya investido al presidente o presidenta de la Xunta de Galicia.

2. El debate se iniciará con la intervención del presidente o presidenta de la Xunta de Galicia, sin límite de tiempo. A continuación, la Presidencia del Parlamento podrá interrumpir la sesión, tras la cual habrá una intervención de una persona que represente a cada grupo parlamentario por el tiempo que fije la Presidencia, oída la Junta de Portavoces.

3. El presidente o presidenta de la Xunta de Galicia podrá contestar a los grupos parlamentarios de manera aislada o conjunta sin límite de tiempo y podrá intervenir cuantas veces lo solicite. Todos los grupos parlamentarios podrán replicar durante un tiempo máximo de quince minutos cada uno, sin perjuicio de la contrarréplica final de la persona titular de la Presidencia de la Xunta.

4. Terminado el debate, la Mesa abrirá un plazo durante el cual los grupos parlamentarios podrán presentar propuestas de reso-

lución en el número máximo que fije la Mesa, oída la Junta de Portavoces, referidas a las grandes líneas de política general y de enumeración simple. La Mesa admitirá las propuestas que sean congruentes con las materias objeto del debate.

5. Las propuestas admitidas podrán ser defendidas durante un tiempo máximo de treinta minutos. La Presidencia del Parlamento ordenará el debate de defensa o posicionamiento sobre las propuestas.

6. La Presidencia del Parlamento ordenará la votación de las propuestas de resolución una vez terminado el debate.»

Quince. Se modifica la apartado 1 del artículo 149, que queda redactado del siguiente modo:

«1. Transcurridos siete días desde la publicación de la interpelación, esta estará en condiciones de ser incluida en el orden del día del Pleno.»

Dieciséis. Se modifica el artículo 150, que queda redactado del siguiente modo:

«Artículo 150

Las interpelaciones se sustanciarán, como máximo, en la segunda sesión plenaria después de haber sido publicada, ante el Pleno, dando lugar a un turno de exposiciones por el autor o autora de la interpelación, a la contestación de la Xunta y a sendos turnos de réplica, no pudiendo las primeras intervenciones exceder de diez minutos ni las réplicas de cinco minutos.»

Diecisiete. El artículo 152 queda redactado del siguiente modo:

«1. Los diputados y diputadas podrán formular preguntas a la Xunta de Galicia y a cada uno de sus miembros.

2. En las sesiones plenarias ordinarias las y los portavoces de los grupos parlamentarios podrán formular preguntas a la Presidencia de la Xunta de Galicia. La Mesa, oída la Junta de Portavoces, fijará el número y la distribución proporcional en cada periodo de sesiones.»

Dieciocho. Se modifica el apartado 2 del artículo 155, que queda redactado del siguiente modo:

«2. Las preguntas estarán en condiciones de ser incluidas en el orden del día una vez transcurridos cuatro días de su publicación, dando prioridad a las presentadas por los diputados y diputadas que aún no hubieran formulado preguntas en el Pleno en el mismo periodo de sesiones. Sin perjuicio de este criterio, la Presidencia, de acuerdo con la Junta de Portavoces, señalará el número de preguntas a incluir en el orden del día de cada sesión plenaria y el criterio de distribución entre diputados y diputadas correspondientes a cada grupo parlamentario.»

Diecinueve. Se modifica el apartado 1 del artículo 156, que queda redactado del siguiente modo:

«1. Las preguntas con respecto a las cuales se pretenda respuesta oral en comisión estarán en condiciones de ser incluidas en el orden del día una vez transcurridos cuatro días desde su publicación.»

Artículo segundo. *Modificación del artículo 48 de la Ley 1/1983, de 2 de febrero, regulador de la Xunta y de su Presidencia*

Se modifica el artículo 48 de la Ley 1/1983, de 2 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, que queda redactado como sigue:

«Artículo 48

La Xunta solicitará anualmente del Parlamento, al comienzo de uno de los periodos de sesiones, la celebración de un debate de política general. No habrá lugar a celebrar este debate cuando en el mismo año la Cámara haya investido al presidente o presidenta de la Xunta de Galicia.»

Disposición derogatoria. *Derogación de los preceptos contrarios*

Quedan derogadas las disposiciones contrarias a lo aprobado en la presente norma.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Las modificaciones al Reglamento del Parlamento de Galicia se publicarán en el *Boletín Oficial del Parlamento de Galicia* y en el *Diario Oficial de Galicia* y entrarán en vigor

el día siguiente al de su publicación en este último, salvo lo dispuesto en el artículo 52.1 *bis*, que será de aplicación en la décima legislatura.

La modificación del artículo 48 Ley 1/1983, de 2 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de agosto de 2015, polo que se acepta a renuncia de dona María del Carmen Pardo López, como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido Popular de Galicia [09/RCDE-000013]

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 4 de agosto de 2015, tomou coñecemento da comparecencia de dona María del Carmen Pardo López en cumprimento do artigo 7 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia e o artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, para proceder á súa renuncia expresa á condición de deputada pola provincia de Ourense [09/RCDE-000013].

Considerando que a súa renuncia a ratificou, de xeito persoal e expreso, a deputada ante os membros integrantes da Mesa do Parlamento no día da data, a Mesa, por unanimidade, acordou:

1º) Aceptar a renuncia de dona María del Carmen Pardo López como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de

Ourense na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Regulamento.

2º) Notificar o presente acordo á interesada, ao portavoz do G.P. Popular de Galicia, á Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior, ao Servizo de Tecnoloxías da Información e ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende o día 4 de agosto de 2015.

3º) Expedir e remitir certificación dela á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 5 de agosto de 2015, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia pola que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia dona Jackeline Elisabeth Fernández Macías (doc. núm. 39634)

Examínase o acordo da Xunta Electoral do 5 de agosto de 2015 polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia dona Jackeline Elisabeth Fernández Macías, candidata do Partido Popular de Galicia pola circunscrición electoral de Ourense nas eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2012, como consecuencia da renuncia como deputada de dona María del Carmen Pardo López, así como a correspondente credencial que a acredita como tal (doc. núm. 39636).

A Presidencia, dado que se cumpren os requisitos legais exigidos, en uso da delegación temporal de competencias de

xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de novembro de 2012, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 16, do 14 de decembro de 2012), resolve:

1º) Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 5 de agosto de 2015, polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia dona Jackeline Elisabeth Fernández Macías, candidata do Partido Popular de Galicia pola circunscrición electoral de Ourense nas eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2012, como consecuencia da renuncia como deputada de dona María del Carmen Pardo López, con efectos xurídicos e económicos desde o 5 de agosto de 2015.

2º) Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da Administración electoral.

3º) Dar conta desta resolución na próxima sesión da Mesa.

4º) Comunicarlles este acordo á Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos, á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior e aos Servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.



5º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



A Xunta Electoral de Galicia, na reunión celebrada o día 5 de agosto de 2015, tomou, o seguinte acordo:

Punto 2º.- Baixas e altas de deputados:

- 2.1 Escano vacante por renuncia da deputada **D.ª María del Carmen Pardo López** do Partido Popular, pola circunscrición electoral de Ourense e proclamación da nova ou novo deputado da lista presentada polo dito partido na circunscrición correspondente nas últimas eleccións do 21 de outubro de 2012.

Tomado coñecemento da vacante por renuncia do deputado do Partido Popular D.ª María del Carmen Pardo López pola circunscrición electoral de Ourense, por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de data 4 de agosto de 2015.

Constatado pola Secretaría da Xunta Electoral de Galicia, que a candidata seguinte na lista electoral do Partido Popular co número 11, é **D.ª Jackeline Elizabeth Fernández Macías**,

A Xunta Electoral de Galicia, por unanimidade, e de conformidade co disposto no artigo 15.2 da L.O. 5/85, do 19 de xuño, e artigos 11 e 18.i) da Lei Autonómica 8/1985, do 13 de agosto,

ACORDA:

- 1º.- **Proclamar deputada electa** do Parlamento de Galicia, pola circunscrición electoral de Ourense a **D.ª Jackeline Elizabeth Fernández Macías**, candidata núm. 11 da lista do Partido Popular (DOG núm. 183, do 25 de setembro de 2012).
- 2º.- Expedirlle a correspondente credencial.
- 3º.- Dar traslado do presente acordo ao Parlamento de Galicia, á Xunta Electoral Provincial de Ourense e á nova deputada electa, en cumprimento do artigo 38 da Lei autonómica 5/1985, do 13 de agosto.

A Coruña, 5 de agosto de 2015

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira

Excma. Sra. presidenta do Parlamento de Galicia.



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727